



# Máis vale previr que lamentar

Para estar seguro,  confía no teu corredor.

O teu corredor de seguros sempre te informa... Se non estás seguro, búscanos

Boletín Mensual  
Nº 29 / Xullo 2015

## Alerta! Roubos nas vacacións? Non, grazas!



*“Bos días. Son o teu corredor de seguros e acabo de redactar o teu parte de roubo. Xa o enviei á compañía para que recibas a indemnización rapidamente. Pero debes tomar precaucións para que non volva acontecer. O lóxico é que vixiasen a túa casa antes de entrar. Primeiro fíxanse nos sobres da caixa de correo. Se está cheo significa que alí non hai ninguén. Despois vixían as horas de entrada e saída do edificio para estudar os hábitos dos veciños.*

*Cando entran a roubar adoitan subir ata o último piso e van baixando. Forzar as pechaduras non lles resulta demasiado difícil”.*

### “A grandes males, grandes remedios”

*“Os amigos da alleo levan unha mochila ou bolsa pequena na que meten obxectos valiosos (xoiás, diñeiro...). Todos os gardamos nos mesmos sitios: os caixóns do dormitorio principal entre a roupa interior. Sempre traballan cun compañeiro na rúa que os chama por teléfono se vén alguén.*

*A miña recomendación é que protexas a túa vivenda e os teus bens, asegúraos correctamente, e se tes posibilidade, déixalle as chaves a unha persoa de confianza que suba e baixe as persianas, acenda a luz e,*

*de cando en vez, recolla a correspondencia. Así nunca se fixarán na túa casa”.*

É importante que no teu seguro de fogar se inclúan todos os teus bens así como o seu valor, fíxate que en 2013, España tiña un 30% das vivendas sen seguro (8,5 millóns) e 10 millóns máis infraaseguradas. Isto significa que, en caso de producirse un sinistro grave, a indemnización non cubrirá o total dos danos.

### Consellos

Se chegas á casa e observas que forzaron a pechadura, non entres. Chama a policía porque os ladróns poden estar dentro. Ademais, é máis doado tomar pegadas e seguir as súas pistas.

Despois ven á axencia, trae a denuncia e explícanos que aconteceu. Elabora unha lista cos obxectos que che subtraeron e achega xustificantes da súa existencia (facturas de compra, fotografías onde levas postas as xoiás...).

*“Ah! A próxima vez que vayas de vacacións non publiques as túas fotos no Facebook. Os ladróns poderían agocharse nas redes sociais para seguir os teus pasos”.*

### Protección de Datos abre expediente a 2 entidades financeiras en Zaragoza

O Colexio de Mediadores de Seguros de Zaragoza presentou unha denuncia ante a Axencia de Protección de Datos contra CaixaBank e Seguracaixa Adeslas. **A Axencia incoou un procedemento sancionador “por emitirlle a un cliente, sen o seu consentimento, 2 seguros para 2 vivendas da súa propiedade”.**

Segundo o avogado, José Luis Carrera, **“dende o Colexio queremos animar aos clientes que poidan sufrir este tipo de prácticas abusivas, a que llo comuniquen ao seu mediador de seguros, e así dende o Colexio poderemos actuar en consecuencia”.**

Neste asunto, a Axencia de Protección de Datos, a través dun expediente informativo previo, considera que existen indicios suficientes para incoar un procedemento sancionador por **“infracción grave “tanto pola cesión de datos sen consentimento, como polo uso ilícito destes”.** Segundo a LOPD (Lei de protección de datos de carácter persoal), quedarían vulnerados os artigos 6.1 e 11.1 e a multa podería ascender a 300.000 euros segundo determina a propia Lei.

Desta forma, o Colexio de Mediadores de Zaragoza púxose en defensa dos dereitos do consumidor, que é o “gran prexudicado” ante este tipo de actuacións unilaterais do sistema financeiro.

O Colexio fai valer a normativa vixente no noso país, segundo a cal os datos domiciliados no banco só poden utilizarse para outros fins cando existe un consentimento expreso. Nestes casos e, segundo a Axencia, o cliente sempre debe coñecer **“o tratamento que se lles dá a tales datos... e as finalidades para as que os datos van ser tratados e, se é o caso, cedidos”.** Unha circunstancia que nesta ocasión non se produciu, xa que se trataron os datos de forma globalizada, ao contrario que acontece con nós, a túa aseguradora, que tratamos os datos de forma individualizada e personalizada.

# Máis vale prever que lamentar

Boletín Mensual / Nº 29 / Xullo 2015

## Seguros Intelixentes con eCall: segundo conduces, pagas, aínda que sexas novo



A partir de abril de 2018, todos os vehículos (furgonetas e turismos) da Unión Europea deberán incorporar un dispositivo eCall, que ata agora só gozaban os vehículos de gama alta. Podería salvar 1.500 vidas en Europa (o 5% dos mortos por accidentes na estrada) e as lesións graves reduciríanse un 6% cada ano.

En euros, este sistema telemático significa aforros no seguro que chegan ata un 40% para os bos condutores, aínda que sexan novos.

### Que é eCall?

É un dispositivo que detecta un accidente e activa unha chamada de emerxencia por telefonía móbil. Ao mesmo tempo, envía unha mensaxe, chamada MSD, con datos sobre a posición do vehículo avariado, sentido do traxecto, modelo... O operador que recibe a chamada pode falar directamente cos ocupantes.

Hoxe xa poderías contratar un seguro con este dispositivo. Se o teu coche non o leva de serie, a aseguradora instálao. eCall recompila datos adicionais sobre as horas de uso, velocidade media, estilo de conducción (brusquidade ao volante), as horas do día nas que o utilizas...

O teu vehículo está permanentemente localizado por GPS, igual que nas carreiras de Fórmula 1. Polo tanto, é un excelente sistema "antirrobo".

Os datos recollidos son almacenados na "nube" con garantías totais de protección á intimidade. Son accesibles para a compañía e para o condutor e adaptan a información xerada ao prezo do seguro. O custo depende do ben que conduzas.

### Pólizas "tuneadas" ao teu estilo

O "coche intelixente" mantén unha relación máis fluída entre a aseguradora e o cliente. Xa non es un nome e un número nunha póliza. Existen datos obxectivos sobre a túa conducción. Podes viaxar máis seguro e aforrar diñeiro se es prudente. Nestes casos importa menos a idade e máis a responsabilidade.

Como corredor de seguros **recomendo estas "pólizas intelixentes" para:** mozos, pais que comparten o coche cos fillos, aquelas persoas que percorren poucos quilómetros e, por suposto, para os bos condutores.

Se tes unha empresa tamén che será moi útil contratalo para frotas de vehículos.



### A grúa esnaquízalle o coche e decátase por Internet

Presentámosche a Ángela, unha muller que aparcou o seu coche, fixo os seus recados e, ao volver, o seu coche desaparecera. Acudiu ao depósito municipal e horrorizouse ao encontralo totalmente destruído.

Pediu explicacións, pero ninguén soubo darlle razón do acontecido. Só puido descubrir que había obras no lugar onde aparcara. Investigou pacientemente durante 5 meses ata que Internet lle contou o sucedido. Descubriu un vídeo que mostraba o derrubamento dun muro sobre o seu coche. Por fin sabía toda a verdade: unha grúa fora a causante dos danos.

Anécdota

### Que documentos tes que levar no coche este verán

Cando viaxas en coche é importante ter "á man" algúns documentos. Non todos son obrigatorios, pero si recomendables ou aconsellables.

#### Obrigatorios

Se non os levas, a Policía ou a Garda Civil pódente multar ata con 3.000 euros.

- O teu permiso ou **carne de conducir** actualizado. Recorda que unha copia compulsada do teu carne de conducir ou ben de identidade teñen total validez como documentación.
- **Permiso de circulación.** Recolle os datos técnicos do vehículo e a información do propietario.
- **Tarxeta ITV.** Co informe favorable e o adhesivo da ITV en lugar visible.

#### Recomendables

- **Póliza do seguro e último recibo que xustifica o seu pagamento para demostrar que está en vigor.**
- **Imposto municipal de circulación con xustificante de pagamento do último recibo.**

#### Aconsellables

- **Teléfono de asistencia do seguro.** A maioría está atendido durante as 24 horas do día, facilitámoscho ao contratar a póliza xunto co resto da documentación.
- **Copia do parte de declaración amigable de accidente** que che enviamos desde a nosa axencia.

Recomendación

CORREDORES

DE SEGUROS

Honestidade

Compromiso

